

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2019/10	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2019.»
<b>Data</b>	24 de setembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:31 ata as 21:32 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Sr. Rodríguez CanosaCanosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Sr. Núñez Troncoso Troncoso	SÍ
Sra. Pereira González González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ



Sr. Rodríguez Davila Davila	SÍ
Sergio Curra Moreira	NON
Verónica Tourón Domínguez	NON
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>	
1. Verónica Tourón Domínguez: «Baixa médica»	

Unha vez verificada polo secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 2110/2019. Aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2019.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 6, En contra: 0,  
Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Boas tardes a todos e todas e benvidos a este pleno extraordinario o número 10/2019 pleno extraordinario que ten como motivo a aprobación dos orzamentos municipais para este 2019, traemos a este pleno extraordinario esta aprobación do documento mais importante para un Concello, para o seu funcionamento, o plan de gastos e ingresos anual. Xa no pleno anterior, no pleno ordinario de agosto faláramos de que traeríamos en breve espazo de tempo estes orzamentos, era un dos obxectivos do noso acordo de goberno e creo que o conseguimos nun tempo récord, grazas ao traballo do interventor, uns orzamentos que tal vez non sexan os mellores pero que nos van a permitir incrementar en 700.000 euros as contas que ata o de agora temos viventes e que proveñen do orzamento prorrogado do 2016. Quero repetir e darlle as grazas ao traballo de intervención e ao resto de traballadores e traballadoras deste Concello. Hoxe precisamente este interventor deixa de prestar servizos a este Concello, era un interventor que viña acumulado dende Cangas os martes e precisamente mañá se non me equivoco, cesa, cesa no desempeño como interventor en Salceda e volve ao

seu Concello de orixe, Cangas, a nós dedicábanos un día á semana e agora pasará a estar toda a semana en Cangas.

Estamos a finais de setembro do 2019 pero este goberno dende logo non ía a perder a oportunidade, unha oportunidade política para contar cun orzamento que nos vai permitir dar servizos aos nosos veciños e as nosas veciñas. Este ano cumpríanse todos os parámetros, regra de gasto, estabilidade orzamentaria, período medio de pago os parámetros que nos permitían incrementar ese remanente de tesourería a estes orzamentos.

En reiteradas ocasións tiña manifestado á oposición a necesidade de traer este documento ao pleno e así o fixemos, repito, nun tempo récord, e estou segura que contaremos co seu apoio para sacar un documento adiante tan importante para Salceda e para a súa veciñanza.

Aínda non está aprobado o regulamento orgánico municipal pero como xa levamos aplicado nas dúas sesións anteriores imos a establecer unhas quendas determinadas, se ben é certo que un documento deste tipo necesita unhas intervencións un pouquiño mais longas e si as primeiras quendas eran de cinco minutos pasarán a ser de dez con unha segunda quenda de 5 minutos. Se vós parece empezamos entón polo asunto da convocatoria que neste caso ao ser extraordinaria só consta dunha parte resolutiva e o seu primeiro punto é o expediente 2110/2019, aprobación inicial de orzamentos xeral do Concello para este exercicio de 2019, que defenderá a compañeira e concelleira de facenda.

**Sra. Pereira González:** Boa tarde a todos e como dixo a Alcaldesa hoxe tráese a esta sesión plenaria a proposta de aprobación inicial do orzamento para o exercicio do 2019 trátase dun orzamento de 4.809.240,00 euros tanto na súa parte de gastos como de ingresos e supón un incremento de 700.000,00 euros respecto do último orzamento aprobado que é do ano 2016 e respecto do orzamento en vigor uns 850.000,00 euros de incremento, este incremento é posible por terse cumprido todos os parámetros marcados. Por facer un pequeno resume e atendendo á estrutura establecida o orzamento distribúese en 9 capítulos tanto no apartado de gastos como no de ingresos.

En canto ao apartado de Gastos o Capítulo 1 contempla:

Gastos de Persoal: 1.499.797,35 euros e neste apartado o que se consigna son os gastos de nóminas e salarios, este capítulo increméntase uns 60.000,00 euros respecto do último orzamento e neste capítulo tamén onde se producen as principais novidades, como son a creación da praza de tesoureira de habilitación nacional, figura obrigatoria para os concellos de mais de 5.000 habitantes e tamén a dotación ao cen por cen das prazas que anteriormente estaban so a tempo determinado e ademais a creación da praza de oficial de policía, aínda que nominalmente esta praza xa existía



no orzamento anterior, o certo é que non deixaba de ser un axente mais porque tiñan a mesma valoración e o que se fai neste caso e darlle forma e contido e non só o nome de oficial.

En canto o Capítulo 2, consígnanse 2.723.849,80 euros para gastos de bens e servizos deste capítulo quixera destacar o importante incremento que se fai na partida de servizo de axuda no fogar, que pasa a duplicarse respecto do que había no orzamento anterior, pasa de 200.000,00 a 400.000,00 euros o que se fai así é garantir o incremento de horas que se produciu neste servizo nos últimos anos.

O Capítulo 3, gastos financeiros recolle 6.000,00 euros para pagos de intereses de préstamos contratados por esta entidade.

Capítulo 4: Transferencias correntes, o que se recolle aquí son pagos que o Concello realiza a outras entidades e asociacións, neste capítulo recóllese 168.583,97,00 euros e novamente se garanten 92.000,00 euros para as asociacións e clubs deportivos de Salceda a través da fórmula que se viña mantendo ata o de agora que é a subvención nominativa, ademais tamén se recollen outros pagos a outras entidades.

En canto ao capítulo 6, recolle 313.835,38 euros para investimentos, que son obras ou adquisicións que o Concello realiza con fondos propios. Neste apartado axúntase ao expediente un anexo de investimentos que o que se fai neste caso é establecer aplicacións orzamentarias ás que se fai consignación e a partir de aí vaise incorporando as facturas ou proxectos de inversión que vaian xurdindo ou estean facturados.

Nin no capítulo 5, nin no 7, nin no 8 se fai previsión de gasto, son fondo de contingencia, transferencias de capital e activos financeiros.

Capítulo 9 pasivos financeiros. Recóllese 97.121,44 euros que son para os pagos de préstamos, neste capítulo prodúcese unha diminución bastante importante porque nos últimos anos canceláronse varios préstamos.

En canto aos ingresos estruturase tamén en 9 capítulos dos que se contempla a recadación nos 5 primeiros:

Impostos directos, 1.470.500,00 euros.

Impostos indirectos, 40.000,00 euros

Taxas e outros ingresos 592.240,00

Transferencias correntes 2.696.500,00 e ingresos patrimoniais 3.000,00. Dicar que para o cálculo a previsión destes importes dado o desfasado do orzamento do exercicio do 2016 o que se tivo en conta foi a última liquidación, e polo tanto, estamos a falar de importes realistas e actuais.

**Sr. Núñez Troncoso:** Boas noites, levamos tres anos pedindo un orzamento porque o que está en vigor é do 2016, creo que xa vai sendo hora de que viñeran os orzamentos, pero os orzamentos tiñan que vir a principio de ano non a finais do 2019, esto é como si un manda facer unha casa e remata a casa e despois lle pide ao contratista que lle dea un orzamento, o mesmo, vaise aprobar un orzamento pa ter unha aplicación aproximadamente dun mes e medio. Se isto é previr gastos e ingresos pois creo que imos moi mal.

Fai vinte días aprobouse inicialmente o regulamento mordaza e agora xa nos advirten que só podemos falar 10 minutos, nin o propio regulamento ese mordaza recolle 10 minutos, senón que recolle 15 minutos pero inda hai que exprimir máis á oposición para que non teña a palabra, 15 minutos recolle ese regulamento e non esta en vigor actualmente.

Nos presenta un orzamento con letras en miniatura que non hai quen o lea, parece que non queren que esta oposición ou os mesmos veciños saiban que partidas se están levando no orzamento de gasto. Aquí fíxose unha exposición moi xenérica e xa non nós, senón os veciños que están nesta sala, queremos saber canto se vai gastar ou canto se leva gastado en educación, canto se vai gastar ou se leva gastado en servizos sociais, canto se vai gastar ou se leva gastado en gastos xurídicos, en publicidade, en propaganda, gastos protocolarios, o coste de persoal e o custo do propio goberno municipal, que de iso non se dixo nada aquí agora.

Será posiblemente porque igual non interesa que os veciños teñamos toda esta información, nós témola pero os veciños tamén debían tela loxicamente esta e a transparencia, esta é outra forma de gobernar, esta é a transparencia que pretenden ter as dúas alcaldesas que imos a ter en catro anos.

Sorprendeunos moito que se nos enviara esta documentación cando a recibimos fai dez días aproximadamente nós o que contábamos era o orzamento do 2020, a sorpresa foi atoparnos os orzamentos do 2019, este orzamento que se nos dixo que estaba encima da mesa do interventor municipal alá por outubro do 2018, vai facer 1 ano, pois xa tivo tempo de chegar aquí a este pleno. Houbo un ano para facer un orzamento e total para aplicalo un mes e medio, pero porque se elabora este orzamento agora a estas alturas, cando sabe perfectamente que a aplicación vai ser dun mes e medio, será o mellor para intentar minorar o recoñecemento extraxudicial de crédito que vai a vir, porque nos pensamos que vai por aí. O orzamento de gasto, como dixo a Concelleira Delegada que tiñamos no 2016 que é o que está en vigor ata agora contempla 4.092.000 euros e agora se contempla un incremento de máis menos 700.000 euros, pasamos a 4.800.000, este incremento sobre todo vai para o capítulo 2 para gasto corrente, gasto corrente como todos sabedes é para consumo eléctrico, combustibles, é dicir, o gasto que hai ordinario de funcionamento das instalacións do Concello, e que equivale a un 50 por cento do que é o orzamento, todo o gasto do orzamento iría aquí excepto os gasto de persoal e os investimentos.

Do avance de gastos a 30 de Xuño de 2019 temos que deses 4.800.000 euros xa se gastaron, xa se pagaron 3.100.000 euros aínda queda medio ano e isto son de facturas recoñecidas haberá que ver cantas hai sen recoñecer que moito me temo que van ser moitas, nos queda para aplicarlle ao orzamento aproximadamente 1.700.000 € para medio ano.

O desglose dos gastos estes que a alcaldesa e a concelleira delegada parece que nos queren ocultar, imos a dar unha serie de datos:

En educación por exemplo a área de educación tiñamos no 2016 un orzamento de 223.000 €, no 2019 se baixa o orzamento nesta área a 183.000 € e a todo isto hai que aplicarlle o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2019, o que se excede do orzamento do 2018 por non haber consignación orzamentaria, total nos queda para investir, non para gastar, xa que en educación se inviste non se gasta, 143.000 euros, é dicir, 80.000 euros menos con respecto ao 2016.

Servicios Sociais, aquí si que me vou a parar un pouco porque este e un tema moi moi importante, temos a partida número 231/27799 que basicamente se refire á empresa que presta o servizo de axuda o fogar. Orzamento de agora 2019, 400.000 euros a todas luces insuficiente, porqué dicimos insuficiente? por que os 400.000 euros hai que minorarlle os 212.000 euros que arrastramos do 2018, polo que nos queda unha partida de 188.000 euros. Vendo o avance da liquidación do 2019 a 30 de xuño vemos que xa se recoñeceron, xa se pagaron, 228.000 euros, e dicir, agora mesmo non hai consignación orzamentaria para pagarlle a esta empresa, dito doutra forma, esta empresa como moito cobraría unha mensualidade do ano 2019 porque esta empresa emite facturas mensuais e finaliza o mes e emite as facturas, como moito cobraría un mes solo, leva oito meses sen cobrar e a unha media de trinta trinta e mil euros prevemos que a data de hoxe tería esta empresa sen cobrar aproximadamente 240.000 euros, 240.000 euros e todo isto por unha broma de deixar encima da mesa do interventor o orzamento un ano enteiro, me poden dicir que empresa, mediana, pequena pode aguantar isto? con 240.000 euros, pero iso parece ser que non, deixámolo encima da mesa do interventor e claro despois son os técnicos que non fan o seu traballo ou que non teñen tempo, pero dedicacións aquí temos dabondo e se hai que marcar prioridades ao funcionario habilitado, se lle marca prioridades e non escusarnos de que non hai persoal técnico. Respecto aos gastos sociais, as dúas concelleiras do Partido Socialista cando se debateu o orzamento do 2016 presentaron un voto particular non sei si se lembra Gela, imaxino que si, e nese voto o partido popular o que estaban dicindo entre outras cousas era que no caso de partidas de servizos sociais se xustifiquen con informes dos técnicos do servizo que reflexan que sexa suficiente o crédito para cubrir as necesidades vixentes, isto o estaban pedindo vostedes no orzamento do 2016, esa certificación técnica aquí non está nesta, porque o pedían antes e agora non o piden? esta e outra forma de gobernar ou é que o tiñan no pacto este? no pacto que din que asinaron non pediron este informe.





Gastos xurídicos outra vergoña mais, gastos xurídicos de 15.000 euros no orzamento do 2016 pasamos agora a 40.000 euros, incrementamos os gastos xurídicos en 25.000 euros e estes non son gastos xurídicos que se aveciñan na oficina de urbanismo, non é para pagarlle o aparellador nin para pagarlle ao arquitecto, non, son gastos xurídicos de sentencias de ir aos xulgados, pleitear co persoal do Concello, pleitear cos veciños, pois de 15.000 euros pasamos a 40.000 euros.

Publicidade e propaganda, gastos protocolarios, vou a falar só do que é a administración xeral porque si imos as partidas todas de publicidade e propaganda e gastos protocolarios vemos que no orzamento se contemplan máis de 100.000 euros, do 2016 tiñamos unha partida de 20.000 euros e agora pasamos a 60.000 euros é un incremento dun 300 por cen, un incremento en publicidade e propaganda dun 300 por cen.

Gastos protocolarios tamén dentro da área de administración xeral deses 1.000 euros do 2016 pasamos a 8.000 euros, un incremento dun 34 por cen, e volvo ao voto particular do Partido Socialista alá polo orzamento do 2016 tamén planteaban o seguinte, *“vista a situación económica do Concello, que se reduza o 75 por cento as partidas de atención protocolarias e publicidade”*, entre as dúas partidas eran 26.000 euros e pedían unha redución dun 75% e resulta que agora dunha temos un aumento dun 300 e outra un aumento dun 34 por cento.

Dentro do que son os orzamentos de ingresos a verdade é que hai que recoñecer que están bastante axustados porque se tivo bastante en conta o que e a liquidación do 2018, aínda así hai algunhas curiosidades por exemplo, non sabemos porqué non está contemplado dentro dos orzamentos de ingreso a consignación do plan concellos 2019 ou o imposto de vehículos de tracción mecánica. Volvemos ca recadación do 2018 foron 414.000 euros e o incremento que houbo do 2016 ao 2018 foron 7.000 euros pero orzamentamos 25.000 euros a maiores, en dous anos houbo un incremento na recadación de 7.000 euros e agora resulta que nun ano imos ter 25.000 euros. Outra curiosidade por chamarlle dalgunha forma, os xuros, xuros de depósitos bancarios, na liquidación de orzamento do 2018 temos 115.000 euros e agora imos a ter no 2019, 1500 euros, están os bancos pa dar xuros.

Anexo de subvencións, o que plantexa neste orzamento do 2019 é exactamente o mesmo do 2016, un copia e pega total, non se move nin un céntimo, os centros culturais, 900 euros teñan actividades ou non teñan actividades todos por igual, 900 euros e o resto das asociacións ou Banda de Música é igual desde o 2016.

Anexo de investimentos, pedimos na comisión informativa que se desglosara estas partidas, voulle a ler un par delas a ver si alguén pode saber onde se van a executar estas obras, o concepto e o seguinte, outra inversión nova infraestrutura e bens de uso xeral, alguén saberá onde é isto, onde se vai facer esta obra, terreos y bens, alguén sabe onde se vai a comprar ou onde se vai a facer isto? Ninguén, nós non o



sabemos polo menos e vostedes creo que tampouco.

Outra inversión, reposición infraestrutura bens uso xeral, ninguén sabe onde se fixo esta obra? nos pedimos na comisión informativa que se desglosara polo menos para que os veciños souberan onde son estas obras, si se van a executar ou si xa están executadas que nos case nos inclinamos que xa están executadas porque hai algunhas partidas que incluso hasta están recollidos os decimais, eu mais ben diría que é dunhas facturas en concreto que teñen todos os números cravados e se plasmou aquí, pero aínda así estamos esperando hoxe por esa información, outra forma mais de gobernar, outra forma.

**Sra. Alcaldesa:** Acabe a súa exposición en dous minutos e tócalle falar a quenda a compañeira Gela, que por certo non dixen nada, pero supoño que veríades a ausencia de Verónica, Encontrase de baixa polo tanto non esta nesta sesión plenaria a compañeira. Remate dous minutos.

**Sr. Núñez Troncoso:** Dous minutos vai ser pouco señora alcaldesa.

**Alcaldesa:** Repito remate.

**Sr. Núñez Troncoso:** Persoal 65.000 €, incrementan, resulta que o custe do goberno de 2016 temos 212.500 €, no 2019 pasa a 254.000 €, un incremento dun 20 por cen, e xa somos xenerosos, pois si collemos a liquidación do 2018 resulta un incremento dun 33 por cento, a memoria elaborada pola señora alcaldesa, pois si, contempla a creación da praza de tesoureiro, mais a oficial de policía. A praza de tesoureiro a verdade é que é un galimatías total, porque resulta que hai varias valoracións deste posto de traballo e vemos que hai unha valoración dunha empresa Tudó, que é a da RPT 2016-2017 cun custe de 54.000 €, no pleno de abril de 2019, por certo co voto en contra do Partido Socialista, planteaban un custe de 69.400 e agora levan a este pleno xa un custe de 72.200 €, quen fixo a valoración deste posto de traballo? porque a lei está moi clara respecto a como hai que facer a valoración deste posto de traballo e dos demais postos de traballo, está moi clara, que técnico avala esta avaliación?

Aquí o único que temos é a proposta da Alcaldesa ou o fixo a Alcaldesa, porque non hay ningún técnico que avalara ou aquí no expediente non está esa avaliación e vou ler o que dicía o Partido Socialista respecto a este alá no mes de abril, si me da tempo, si non me corta a palabra.

**Sra. Alcaldesa:** Non pero xa lle anticipo que vai ser o ultimo que lea.

**Sr. Núñez Troncoso:** Moi ben, pois dicía alá polo mes de abril, a portavoz “esto é unha caza de bruxas” respecto a este punto. Dicía ademais “consideramos unha tomadura de pelo, respeto a creación desta praza”, “o partido socialista defende os dereitos dos traballadores, os do Concello e os de calquera empresa, suscribo totalmente o





comunicado dos catro sindicatos que están de acordo e que solicitan o mesmo os catro”. Iso era en abril, agora 4 ou 5 meses mais tarde isto mudou completamente, mudou completamente.

**Sra. Alcaldesa:** Gela o teu turno.

**Sr. Núñez Troncoso:** Pois queremos que conste en acta, que a señora alcaldesa, non nos deixa defender a nosa postura.

**Sra. Alcaldesa:** Eu non sei si sabedes, supoño que si despois de tanta experiencia, que os plenos son gravados e ademais que a secretaria recolle pacientemente todo o que aquí acontece e se produce, polo tanto non vides ter ningún tipo de problema, entra a gravación e o que a secretaria transcribe.

**Sra. Ledo Souto:** En primeiro lugar desculpar á compañeira Verónica que por razóns médicas non puido asistir a este pleno, con respecto os presupostos o noso compromiso foi traer todos os anos presupostos ao pleno e así o estamos facendo. Estes son uns presupostos que aumentan como dixo Lucia en 700.000 € con respecto aos últimos do ano 2016 e con incrementos importantes coma o servizo de atención a domicilio que se duplica. O noso compromiso era traer presupostos todos os anos, así o fixemos no tempo que levamos, estes presupostos, foi o que se puido elaborar, formou parte do acordo de goberno que firmamos con Movemento Salceda e aquí estamos, traballando xa para os próximos para que sexan realmente presupostos estudados con tempo e elaborados, este ano foi o que nos deu tempo a facer. Respecto ás manifestacións doutros momentos na oposición, o da praza de tesourero por exemplo, pois si dixemos o que dixemos e agora estamos facendo o que entendemos temos que facer, que é telo recoñecido nun presuposto.

**Sra. Alcaldesa:** A segunda quenda Lucia.

**Sra. Pereira González:** O que se trata con este orzamento é axustar e aproximar a situación económica real do Concello ao documento. En canto a varias anotacións que fun facendo por aquí e de puntualizacións que fixo Joaquín, o expediente estaba completo e se vos entregou completo, o anexo de gastos está desglosado, non vou ler as nove follas punto por punto, efectivamente ti xa fuches facendo fincapé nas cuestións que considérase de interese. Empezo a pensar que o inconformismo do partido popular é por sistema xa, durante os últimos anos viñades reclamando o orzamento, esta dicindo que no último ano o orzamento estaba encima da mesa do interventor, recórdolle que este equipo de goberno e a corporación toda tomamos posesión o 15 de xuño, asumimos responsabilidades das áreas a finais do mes de xuño e en escasos tres meses traemos un orzamento a esta sesión plenaria. O que pretendemos é rematar o ano cun documento o máis axustado á realidade posible, facer uns orzamentos non é fácil no mes de setembro, facer uns orzamentos cun interventor un día á semana non é fácil e para este equipo de goberno traer estes



orxamentos hoxe a pleno supuxo un esforzo importante, xa vexo que a vostedes non lles gusta, xa non lle gustaba que non tiveramos, nin lle gusta que teñamos, nin lle gustaran os do ano que ben seguramente, pero dende o noso grupo é un bo documento dadas as circunstancias e a situación do ano, e como xa lle dixen permitíranos empezar a chegar o documento a realidade. En canto aos investimentos xa lle expliquei que a criterio deste interventor, que foi o que nos asesorou e informou o orxamento, se consignan partidas alzadas en función das distintas áreas de gasto e despois segundo vaian xurdindo as necesidades de investimento ou de adquisicións ou de obras vanse imputando esas facturas a esas partidas, para cando o orxamento entre en vigor estaremos en outubro ou novembro seguramente haxa conceptos que estean facturados e haberá que imputar, de tódolos xeitos no anexo venlle a numeración da que partida corresponde cada un deses investimentos e pouco mais.

**Sr. Núñez Troncoso:** O custe do goberno municipal é de 27,54 € por cada veciño e ao ano, nos sae o goberno municipal, estes 7 señores que están aquí en fronte, bastante máis caro que Tui, Pontearreas, Mos, Baiona, etc... O anexo de persoal, o cadro de persoal isto é un copia e pega do 2016, tal cal, porque hasta copiaron en vez de por Galiña Azul puxeron galescola, a sinatura que ven no anexo a data é do 2014 pero o orxamento é do 2019, un copia e pega e para iso non fai falta tanto traballo. O máis vergonzoso dentro do que é a area de persoal é que se rían dos representantes dos traballadores deste concello, convocan unha mesa de negociación porque é obrigatorio, é un requisito imprescindible dos orxamentos convócanos po día 19 deste mes o mesmo día foi a comisión informativa deste orxamento e nós xa tiñamos a documentación seis, sete días antes. Entón a pregunta é, qué ían a negociar cos representantes sindicais? Se a proposta xa estaba feita seis, sete ou oito días antes, outra forma mais de gobernar, señores do Partido Socialista e Movemento Salceda. Dixen tamén que estaban desde outubro e está recollido en acta desde outubro do 2018, e que vostedes empezaron agora no 2019 pero e que a señora alcaldesa era concelleira de facenda, tiña unha dedicación exclusiva moi boa, non me veña vostede con esas milongas porque sabemos ben o que hai e o que había. Investimentos? que me está vostede dicindo que non sabe onde se vai a investir esas partidas que están aí, imaxino que o saberá, se o sabe, cal é problema en dicilo?

A ver si me da tempo a ler o informe do interventor que é demoledor. Primeiro di que o goberno municipal non cumpre co requirimento da Consellaría de Facenda onde di que o gasto computable non debe superar 3.589.000€ e resulta que o superan en 1.150.000 € a máis, se pasan polo forro o requirimento da Consellaría de Facenda. Remato señora alcaldesa, remato, co que di o informe do interventor municipal: “en termos orxamentarios a aprobación dun recoñecemento de gastos de tal magnitude implica (se refire o 1.000.000€ do recoñecemento extraxudicial de crédito o que se gastou a maiores do 2018), por unha banda, o esgotamento na práctica do orxamento nun período moi inicial do exercicio, o que provoca unha práctica imposibilidade de funcionamento normal do Concello. E pola outra, revela a inexistencia de respecto á



normativa orzamentaria e contable, así como á normativa de contratación administrativa, con un descoñecemento total do sometemento do actuar administrativo ao principio de legalidade, e, en suma, aos principios de eficacia, eficiencia e economía na asignación do gasto público. Todo o anterior leva a que se está a producir unha xestión, ou máis propiamente, unha ausencia de xestión, que está a provocar prexuízo ás arcas do Concello de Salceda de Caselas. Resulta absolutamente imprescindible adoptar as medidas necesarias para atallar esta situación e levar ao Concello á senda de racionalidade no gasto e cumprimento da legalidade establecida.”

Respecto á valoración do cumprimento do plan de axuste o que valen son os informes, o que diga a señora Alcaldesa ou o que diga a concelleira vale moi pouco, os informes son os informes, o gasto está por enriba das proxeccións contidas no plan de axuste polo que formalmente non cumpre, mais claro auga.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, moi ben, se vos parece pasamos a ler a proposta de aprobación inicial deste orzamento municipal para o exercicio 2019, seguinte:

*“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2019, así como, as súas Bases de Execución e o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988.*

*Visto o Informe de Secretaría núm. 2019-0020 de data 9 de setembro sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto e coñecido o contido do informe do Interventor municipal núm. 2019-0107 de data 12 de setembro.*

*Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Propoño:*

*O Pleno adopta seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.** *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2019, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é do seguinte acordo.*

ORZAMENTO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

EXERCICIO 2019			
CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	1.499.797,35	I1- Impostos directos	1.477.500,00
G2- Gastos en bens e servizos	2.723.849,80	I2- Impostos indirectos	40.000,00
G3- Gastos financeiros	6.052,06	I3- Tasas y otros ingresos	592.240,00
G4- Transferencias correntes	168.583,97	I4- Transferencias correntes	2.696.500,00
G5- Fondo de continxencia	0,00	I5- Ingresos patrimoniales	3.000,00
G6- Inversións reais	313.835,38	I6- Alleamento de inversión reais	0,00
G7- Transferencias de capital	0,00	I7- Transferencias de capital	0,00
G8- Activos financeiros	0,00	I8- Activos financeiros	0,00
G9- Pasivos financeiros	97.121,44	I9- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	4.809.240,00	TOTAL INGRESOS	4.809.240,00

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o plantel de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**TERCEIRO.** Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e plantel de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**CUARTO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación."

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, prodúcese empate por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (2) e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular.

**2ª VOTACIÓN:** Visto o resultado anteriores sométese a una segunda votación a



proposta, esta resulta aprobada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (2) e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e co voto de calidade da Alcadesa, adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2019, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é do seguinte acordo.

ORZAMENTO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS			
EXERCICIO 2019			
CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	1.499.797,35	I1- Impostos directos	1.477.500,00
G2- Gastos en bens e servizos	2.723.849,80	I2- Impostos indirectos	40.000,00
G3- Gastos financeiros	6.052,06	I3- Tasas y otros ingresos	592.240,00
G4- Transferencias correntes	168.583,97	I4- Transferencias correntes	2.696.500,00
G5- Fondo de continxencia	0,00	I5- Ingresos patrimoniales	3.000,00
G6- Inversións reais	313.835,38	I6- Alleamento de inversión reais	0,00
G7- Transferencias de capital	0,00	I7- Transferencias de capital	0,00
G8- Activos financeiros	0,00	I8- Activos financeiros	0,00
G9- Pasivos financeiros	97.121,44	I9- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	4.809.240,00	TOTAL INGRESOS	4.809.240,00

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**TERCEIRO.** Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**CUARTO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se

presente ningunha reclamación.

**Expediente 2273/2019. Fixación de festivos locais para o ano 2020.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta de Alcaldía de 09.09.2019 que literalmente dí:

*“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellaría de Economía, Emprego e Industria en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.*

*Visto que corresponde a este Concello realizar a proposta de festas locais para o ano 2020 e remitir a mesma á delegación provincial da Consellaría de Economía, Emprego e Industria.*

*Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a),e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ),artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente, o Pleno adopta o seguinte ACORDO:*

*1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2020:*

*- 25 de febreiro de 2020 (Martes de entroido)*

*- 20 de xullo de 2020 (Luns do Cristo)*

*2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).”*





**Sr. Rodríguez Davila:** Boas noites, en primeiro lugar quero desexar en nome deste grupo a pronta recuperación a nosa compañeira do Partido Socialista e en segundo lugar ídesme permitir que en nome deste grupo felicite ao meu compañeiro Joaquín porque hoxe neste pleno se viu a grande diferenza entre aquel que traballa, aquel que estudia os temas, aquel que sabe, aquel que suma, que resta, que divide e aquel que multiplica, ante aqueles que despois da exposición que fixo este goberno por parte dos dous grupos e por parte da Alcaldesa pois creo que os veciños aquí presentes levan unha sensación de que en man de quen estamos. É lamentable que un goberno defenda uns presupostos como os defendeu no día de hoxe, non teñen vostedes, por dicilo dalgunha maneira, nin idea do que teñen entre mans, porque o papel aguanta todo pero os informes como ven dixo o compañeiro Joaquín son aplastantes con respecto á actuación deste goberno, que sigue no mesmo camiño de levar este concello a aumentar a quebra económica nos próximos anos senón se toman medidas contundentes. Como digo e como dí, reitero, o informe do interventor que leu o compañeiro Joaquín fai un momento, aplíquense o conto e déixense de cachondeos con respecto á economía deste concello porque é bastante dramática e caótica, e polo tanto eu en nome deste compañeiro quero e é a primeira vez que o vou facer, quero darche as grazas e darche un aplauso porque o mereces polo que o levas currado.

**Sra. Alcaldesa:** Santi, cando tes a palabra é para defender o punto que se debate.

**Sr. Rodríguez Davila:** Estou na miña intervención, estou no uso da miña palabra, o que pasa é que molesta, molestan as verdades.

**Sra. Alcaldesa:** Ti mellor que ninguén sabes como é o funcionamento deste pleno, eu tamén doulle os parabéns a toda a función de fiscalización que fai a oposición, pero utiliza a túa quenda para debater o punto do que estamos a falar, non fai falta que me enganes se queres falar diso eu douche permiso e falas diso pero non fai falta que me enganes, e limítate a debater o punto da orde do día que estamos a tratar que é o punto 2, puidiches defender ti os orzamentos e puidiches darlle os parabéns antes a Joaquín, algo mais sobre este punto?

**Sr. Rodríguez Davila:** Non teño porqué contestarlle.

**Sra. Alcaldesa:** Se non quere contestar eu doulle a palabra aos outros portavoces.

**Sr. Rodríguez Davila:** Estou no uso da miña palabra.

**Sra. Alcaldesa:** Non imos a discutir Santi, de verdade eu non teño intención de discutir contigo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Eu tampouco, é vostede quen interrompe.

**Sra. Alcaldesa:** Repito eu dirixo este pleno, vas a defender este punto numero 2 si ou non?

**Sr. Rodríguez Davila:** Por suposto que si.

**Sra. Alcaldesa:** Pois veña adiante.

**Sr. Rodríguez Davila:** Nós non ocultamos nin escapamos, claro que sei como funciona o pleno por iso facemos reclamacións ao regulamento que vostedes pretenden aprobar para que a oposición e os membros de goberno desta corporación teñen dereito a preguntar cousa que vostedes queren impedir, claro.

**Sra. Alcaldesa:** Repito Santi, cínguete o debate do punto, que eu sei que cando queres es respectuoso, fai o favor e cínguete o debate.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sempre o son o que pasa é que as verdades doen, non estamos intercambiando opinións.

**Sra. Alcaldesa:** Cínguete á orde do día que e a fixación dos festivos locais para o ano 2020, que é o que estamos a tratar, en ningún momento solicitache a túa quenda de palabra, eu creo que estou sendo correcta e ordenada no procedemento de dirixir este pleno, fai o favor e límitate a contestar este segundo punto e senón dareille a voz aos outros portavoces. Repito, límitate a contestar o que di o segundo punto fixación de festivos locais para o ano 2020 que é o que estamos a tratar.

**Sr. Rodríguez Davila:** Remato a cuestión, non está sendo correcta e non o vou defender eu porque así o decidiu este grupo, porque tendo un compañeiro como Joaquín que o fai marabillosamente non o vou facer eu.

**Sra. Alcaldesa:** Moi ben.

**Sr. Rodríguez Davila:** En canto a este punto por suposto que este grupo como leva feito sempre vai a apoiar os festivos locais que nos corresponden como administración local de fixar dous días festivos en cada ano e polo tanto, como ven sendo habitual o martes de entroido e tamén o luns do cristo e polo tanto o noso voto vai ser a favor desta proposta.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Desde Movemento Salceda aprobamos a proposta de alcaldía e por tradición e por arraigo na vila evidentemente imos votar a favor de que os festivos locais se sigan mantendo como a dos últimos anos, no martes de entroido e no luns do cristo.

**Sra. Ledo Souto:** O partido Socialista tamén como sempre vai a apoiar o mesmo, que



os festivos locais sigan sendo os mesmos que nos últimos anos.

**Sra. Alcaldesa:** A proposta xa foi lida antes polo tanto si vos parece antes de volver a lela novamente facemos a votación, votos a favor unanimidade.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros presentes á sesión; adoptándose o seguinte acordo:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2020:

- 25 de febreiro de 2020 (Martes de entroido)
- 20 de xullo de 2020 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).

#### **Expediente 2274/2019. Solicitud de adhesión á Central de Contratación da FEMP.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 6, En contra: 0,  
Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Pásovos a ler a Proposta de Alcaldía seguinte:

*“Visto que a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*Visto que a adhesión á Central de Contratación sempre terá carácter voluntario e non supoñerá en ningún caso a obrigaçión de efectuar todas as contrataçións a través da Central de Contratación da FEMP, podendo sempre a Entidade Local optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contrataçión pública, de*



*conformidade co disposto no artigo 5.1 do Regulamento Regulador do Funcionamento da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias.*

*Visto que o Concello de Salceda de Caselas está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP. En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o Pleno adopta o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dicha central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.*

*SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais. T*

*TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos. “*

**Sr. Rodríguez Canosa:** Neste terceiro punto da orde do día debatemos a adhesión á central de contratación da FEMP, é un servizo que ofrece a Federación Española De Municipios e Provincias e que poñen a disposición das distintas administracións locais para que nos poidamos adherir a determinados acordos marco que logra esta central de contratación. Ten a gran vantaxe de que conta coas máximas garantías xurídicas e técnicas e que ademais é de carácter voluntario, polo tanto nos adherímonos á central de contratación pero despois eliximos en calquera momento si queremos adherirnos a algún acordo marco ou non. Isto ten outras vantaxes xa que podemos reducir custos na contratación dalgúns servizos como pode ser a contratación de seguros diversos e ao final como non implica ningunha obrigatoriedade non vai a obrigarnos a ter que facer ningún gasto nin desenvolvemento máis.

**Sr. Rodríguez Davila:** Ben nos seguimos coas mesmas dúbidas respecto o que se dixo na comisión informativa. A vontade pode ser boa e a eficacia imos a vela co tempo, nós non nos imos a opor, é unha decisión do goberno de adherirse a esta plataforma, a esta central de contratación, é certo que é unha central a nivel estatal pero que a experiencia é tan so no ámbito de licitación de servizos como pode ser o subministro de gas, electricidade ou seguros e non en obras, que seria un tema importante dadas as circunstancias que se teñen dado nos últimos anos no noso concello de que practicamente as mesmas empresas son as que son adxudicadas a dedo e non pasan un procedemento con publicidade como se merecen certas obras, e polo tanto creo que iso seria importante, levar iso adiante a través desta plataforma ou a través de outras formas de dar opcións e sobre todo de que se enteren o maior numero de empresas, para poder optar a unha serie de obras de construción ou de melloras que



se fan o longo e ancho do noso territorio. Non sabemos si o goberno vai nomear a algún concelleiro delegado responsable de facer un seguimento desta adhesión, non sabemos si vai ser por áreas do concello o seguimento do mesmo, non sabemos si cando se solicite a licitación dun servizo vai ser o concelleiro desa area quen vaia a levar o peso específico do seguimento do cumprimento e tamén de que se leve a cabo do mellor xeito posible esa licitación, etc... polo tanto ante unha serie de dúbidas que non foron despexada na comisión informativa entre outras moitas, pois este grupo como manifestou na comisión que se vai a abster en este punto.

**Sra. Ledo Souto:** O Partido Socialista mira en esta adhesión a algo beneficioso para o concello, porque tanto economicamente como administrativamente vains facilitar e aforrar tanto diñeiro como tempo, polo tanto imos a votar a favor.

**Sr. Rodríguez Canosa:** En primeiro lugar agradezoche que falaras deste punto, pensei que ías a falar dos orzamentos como antes. Dicirche que as licitacións e os acordos marco desta central de contratación van aumentando pouco a pouco. Respecto ao delegado para facer o seguimento, xa na comisión informativa non entendemos moi ben a pregunta, si se fai un contrato dunha area determinada o responsable desa área fará o seguimento dese contrato, pero non vai, en principio, a haber un delegado específico para facer un seguimento de todos os contratos que se acorden, digamos que nos adherimos e nada máis.

**Sra. Alcadesa:** Só aclarar a máis do que acaba de dicir o meu compañeiro, que evidentemente os aspectos xurídicos da contratación estarán baixo a supervisión de secretaría coma sempre, pero si nos adherimos a un órgano coma este é para que nos facilite o traballo, tampouco ten sentido estar vixiando a alguén que che ofrece un servizo o que supón que cumpre, e senón para iso está a figura de secretaria, para velar xuridicamente polos intereses do noso concello. Eu creo que o único que ofrece é adherirnos a esta plataforma e ademais de garantir certa descarga en traballo administrativo non supón ningún custe para o concello, foi unha proposta que ademais partiu no seu momento da secretaria para facilitarnos o traballo no concello, eu non vexo, cal e o inconvinte de adherirnos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Dúas cuestións, primeiro que vostede fale de que para iso están os secretarios e secretaria, para corrixir si algo esta mal, iso non lle gusta ao goberno, pide informes externos como se viña facendo e así o amoldamos ao que o goberno quere aínda que sexa contrario ao criterio legal da secretaria, entón ao final de pouco valen os informes dos técnicos municipais, porque xa vimos fai un momento o informe de intervención e vostedes o pasan polo forro. Álex claro que había que falar máis do orzamento, debías falar ti do orzamento da túa area cousa que non falache, de si se vai seguir igual o programa cultural para o ano que ven igual que este ano etc...no tomes a cachondeo o tema do orzamento porque é máis serio do que ti pensas e levas aquí dous dias e con respecto cho digo, pero creo que tedes moito descoñecemento con respecto do concello e do que pasou neste concello nos últimos



anos, polo tanto che pido un pouco mais de seriedade ao respecto, sobre o orzamento tiñas que falar ti e o goberno, cousa que non fixestes fai un momento, nada máis.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (2) e SEIS abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; doptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dicha central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

**SEGUNDO.-** Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

**TERCEIRO.-** Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

